

## A X E N D A

**XORNADAS SOBRE RECOLLIDA SELECTIVA E RECICLAXE DE RESIDUOS SOLIDOS**

A Asociación pola Defensa da Ría organiza para os vindeiros días 18 de xuño (ás 20 h.) e 19 do mesmo mes (a partir das 10 h.) unhas *Xornadas de recollida selectiva en orixe e reciclaxe de Residuos Sólidos Urbanos*. Estas xornadas celebrarán-se no Paraninfo do Instituto de Ensino Medio Valle-Inclán de Pontevedra (Avda. Montero Ríos) e van contar coa participación de reputados especialistas. Entre eles estarán Alfonso del Val (autor de *El Libro del Reciclaje*), José María García Bresó (coordinador de Traperos de Emaús), José A. Rodríguez Ferreira (Director da Empresa Municipal de Saneamiento de Córdoba), Santos Cuadros (director do Departamento de Medio Ambiente do Consejo de Cámaras de Comercio), Luis Rodríguez Elía (director da Mancomunidade de Montejurra-Estella) e os ecoloxistas galegos Guillermo Fernández Obanza (Biotopo) e Ramón Varela (Adega). Para inscrición e/ou información, dirixide-vos á Asociación de Defensa da Ría de Pontevedra, rúa Benito Corbal, 36, 10, Pontevedra (tel. 986-858916).

## A X E N D A

**ACTIVIDADES NA NATUREZA**

O Colectivo de Educación Medioambiental CEM, propon-che unhas vacacións cheas de oxíxeno: fermosas praias e ríos, serras máxicas... empapados en natureza, descubrindo os seus segredos, aprendendo a amá-la e respectá-la.

**CAMPAMENTOS:**

Lugar: zona rural no Conc. de Muxia (Costa da Morte)

Idade: de 7 a 13 anos

Datas: A) 5-11 de xullo, B) 16-30 de xullo, C) 9-15 de agosto

**SERRA DA CAPELADA**

Lugar: entre Cedeira e Cariño (Cabo Ortegal)

Idade: maiores de 16 anos - Datas: 18-20 de agosto

**BALDAIO:**

Lugar: entre os Concellos de Malpica e Carballo (Costa da Morte)

Idade: de 9 a 16 anos - Datas: 6 e 7 de setembro

**Para mais información derixir-se a CEM,  
Rúa Laracha nº 10 (A Coruña)  
(Tfno. 981-25 56 40)**

## A X E N D A

**A CASA DA TERRA**

Actividades na horta, apicultura, elaboración do pan, queixo, mermelada, orbradoiros da natureza, artesanía, paseos en balsa, montar a cabalo, xogos cooperativos, ... son algunhas das actividades a desenvolver na fermosa Casa da Terra que o colectivo **Aperta** ten en Antas de Ulla, rodeada de soutos e carballeiras, a carón do río Ulla..

**TURNOS:**

A) do 18 ao 27 de xullo  
idades: de 6 a 10 anos.  
B) do 17 ao 31 de agosto  
idades: de 11 a 14 anos  
inclúen-se seguros, aloxamentos e pensión completa, así como materiais e monitores para as actividades.

**CONTACTOS: Aperta, educación ambiental  
Rúa do Xuncal, nº 9 - 2ª dta. Tfno. 981-246995  
15172 Oleiros (A Coruña)**

